



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 139/2016

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DE REMO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DUNHA FURGONETA PARA USO DO CLUB**

Na Coruña o 21 de setembro de 2016

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Patrimonio, Contratación e Equipamento , en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

Doutra parte, D. Germán Sánchez Vilar , Presidente do Club de Remo de Ares

Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

**EXPOÑEN**

PRIMEIRO.- O Club de Remo de Ares ( G-15102254) ten entre os seus fins o fomento e o impulso da práctica continuada do deporte, en concreto a modalidade de Remo, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel ou destinatario

SEGUNDO.- A Deputación recoñece o importante labor que realiza o club no fomento do deporte en todas as idades

**CLÁUSULAS**

PRIMEIRA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites previstos na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, unha furgoneta con destino ao Club de Remo de Ares

SEGUNDA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 25.400,00 € que serán achegados na súa totalidade pola Excm. Deputación provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3411/62401

TERCEIRA.- A Deputación cederá gratuitamente a furgoneta ao Club de Remo de Ares

CUARTA.- Na devandita furgoneta figurará rotulada co logotipo da deputación provincial e lateralmente coa frase "Cedida pola Deputación Provincial da Coruña.

QUINTA- O Club de Remo de Ares correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

SEXTA.- A furgoneta destinarase exclusivamente a fins propios do Club de Remo de Ares durante toda a vida útil do Vehículo. En caso contrario reverterán automáticamente na Deputación.

SETIMA.- O presente convenio tendra vixencia desde a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2016

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de fecha 9 de setembro de 2016

Así o din, asinan e outorgan por cuadruplicado exemplar no lugar e data fixados no encabezamento

**O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN,  
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO**



**Asdo.:** Xesús M. Soto Vivero

**O PRESIDENTE DO  
CLUBE DE REMO DE ARES**



**Asdo.:** Germán Sánchez Vilar